

## ANUNCIO

A alcaldesa ditou a resolución núm.; 2025-2488, con data de 07/07/2023 pola que aproba a lista provisional de persoas admitidas do proceso de selección dun/dunha peón forestal para a realización da obra ou servizo “XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2025”, na cal se establece o seguinte:

### “RESOLUCIÓN

A Orde do 5 de marzo do 2025 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (código de procedemento TR351G) publicouse no *Diario Oficial de Galicia*, núm. 50, do 13/03/2025.

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración outorgou ao Concello de Redondela unha subvención de 16.602,00 € para a contratación dunha persoa traballadora durante 9 meses para a realización do proxecto de obras ou servizos denominado “XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2025”, con data de 22/05/2025, ao abeiro da Orde do 5 de marzo do 2025, pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2025.

A alcaldesa ditou a Resolución núm.: 2025-2408, con data de 27/06/2025, pola que aprobou as bases que rexerán a contratación dun posto PEÓN FORESTAL para realizar o programa “XESTIÓN DA BIOMASA VEXETAL EN VIARIO E ESPAZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2025”, mediante un contrato de traballo temporal, vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo, polo período de 9 meses, incluída a parte proporcional de vacacións que lles corresponden.

A persoa traballadora que se contrate para a realización das obras e servizos e pola que se outorgou a subvención, deberá ser desempregada inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante non ocupada e estar dispoñible para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Tras presentar a oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia, o día 30/06/2025, a Oficina de Emprego de Redondela remitiu o resultado da selección das persoas candidatas segundo a categoría solicitada.



As persoas preseleccionadas que foron contactadas polo departamento de Persoal vía telefónica e vía correo electrónico a través dos datos que figuraban nos currículos que remitíu a Oficina de Emprego de Redondela tiveron, segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso de selección, un prazo de 3 días hábiles, a contar dende o día seguinte ao do requirimento, para presentar a instancia de participación no proceso para o que foron preseleccionadas.

Tras finalizar o prazo de presentación de instancias e segundo o previsto nas bases reguladoras deste proceso selectivo que se aprobaron con data de 27/06/2025, é polo que, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Admitir, **con carácter provisional**, no proceso de selección que se convocou para a contratación laboral temporal dun/ha PEÓN FORESTAL, ás seguintes persoas aspirantes:

| N.º | APELIDOS E NOME                         | DNI       |
|-----|-----------------------------------------|-----------|
| 1   | CANABAL LÓPEZ, MANUEL JOSÉ              | **0436*** |
| 2   | DA SILVA GÓMEZ, JOSÉ ANTONIO            | **0470*** |
| 3   | FERNÁNDEZ FEIJOO, ANA M. <sup>a</sup>   | **1538*** |
| 4   | LAGO PEREIRA, JESÚS                     | **5002*** |
| 5   | PEREIRO LUEIRO, M. <sup>a</sup> DOLORES | **0785*** |
| 6   | REGUEIRA RODRÍGUEZ, FRANCISCO           | **0726*** |
| 7   | RODRÍGUEZ FRAGA, MODESTO MANUEL         | **5003*** |

\*Segundo o previsto no apartado 7.3 das bases xerais de convocatorias de procesos de selección de persoal do Concello de Redondela que se publicaron no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO), número 50, do 13.03.2015, o feito de figurar incluído/a na relación de admitidos/as non prexulga que se lles recoñeza ás persoas interesadas posuír os requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificados documentalmente no suposto de que os/ás aspirantes admitidos/as superen as probas selectivas.

SEGUNDO: As persoas excluídas poderán presentar as alegacións que estimen oportunas ou a documentación a subsanar requirida polo órgano de selección, no prazo de **tres (3) días hábiles**, a contar dende o día seguinte ao da publicación da dita relación.



Estas emendas non serán aplicables respecto dos méritos alegados pero non achegados nin dos requisitos establecidos.

No caso de non presentar a alegación no rexistro ou na sede electrónica do Concello de Redondela, a persoa aspirante deberá remitir unha copia da reclamación rexistrada xunto coa documentación que achegue ao enderezo electrónico: [persoal@redondela.gal](mailto:persoal@redondela.gal), con anterioridade ao remate do prazo.

A lista provisional de persoas admitidas e excluídas elevarase automaticamente a definitiva se non se presentan reclamacións,

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, na páxina web e no taboleiro de anuncios do concello a relación provisional de persoas admitidas deste proceso selectivo."

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

